

Código do documento	Código do expediente
USG18I04TN	USG/2024/151
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1I6I 4Z1E 0V4R 2138 0BSW	

DQR

DON RAFAEL JOSÉ DEL BARRIO BERBEL, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE CULLEREDO, PROVINCIA DA CORUÑA.-

CERTIFICA: Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil vinte e catro, adoptou, entre outros, o acordo que transcrito literalmente di:

«2.- APROBACIÓN DEFINITIVA DUN ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DOS VOLUMES DE DÚAS PARCELAS SITUADAS NO LUGAR DE NABEIRAS, DA PARROQUIA DE SÉSAMO (EXPTE. UAU/2023/239)

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Urbanismo, de data 17 de xullo de 2024, con código de documento UAU18I01GJ, sometida a ditame da Comisión Informativa Permanente de Presidencia de data 23 de xullo de 2024, que se transcribe no seu literal:

«Proposta da concelleira delegada de Urbanismo ao Pleno Municipal para a aprobación definitiva dun “estudio de detalle para a ordenación dos volumes de dúas parcelas, situadas no lugar de Nabeiras da parroquia de Sésamo”.

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que celebrou o 22.01.2024 aprobou inicialmente o “Estudio de detalle para a ordenación dos volumes de dúas parcelas, situadas no lugar de Nabeiras da parroquia de Sésamo”, que promoven D. José Andrés Pérez Vidal, D^a. Berta Fernández Méndez, D. Juan Carlos Fernández Méndez e D^a. Susana Fernández Rodríguez, que asinou o arquitecto D. Antonio Pernas Varela o 29.08.2023.

O 04.04.2024 publicouse un anuncio do acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG número 66).

O 04.04.2024 publicouse tamén no diario La Voz de Galicia.

O documento que se aprobou inicialmente someteuse ao trámite de información pública por un prazo dun mes, non se achegaron alegacións.

No expediente constaba o informe favorable da Dirección Xeral de Aviación Civil que asinara o Director Xeral de Aviación Civil o 03.01.2024.

Non se solicitaron outros informes sectoriais, tendo en conta o informe que emitiu o Arquitecto Municipal o 12.09.2023 (código do documento UAU17I01ZA).

Código do documento	Código do expediente
USG18I04TN	USG/2024/151
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1I6I 4Z1E 0V4R 2138 0BSW	

Consideracións legais de aplicación

Primeira.- O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recoñece competencias aos municipios en materia de ordenación urbanística, entre outras, recollido igualmente como competencia propia no artigo 27.3 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia, nos termos que determinen as leis.

En desenvolvemento do anterior, por parte da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do Regulamento que a desenvolve, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro, determinase como competencia dos municipios a través das súas formas de goberno. Neste sentido dispón o artigo 186.4 do RLSG que a “A aprobación definitiva dos plans parciais e dos plans especiais corresponderá ao órgano municipal competente” (artigo 75.4 da LSG).

Segunda.- No que respecta á delimitación orgánica para a aprobación definitiva do estudo de detalle, considérase atribución do Pleno Municipal, conforme ao que dispón o artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

C.I.F. P-1503100-H

Terceira.- En canto a tramitación do procedemento, o 11.06.2024 (registro: 2024/6650), código do documento UAU18I019N, os interesados achegaron o estudo de detalle co código de verificación COVE 1Q2H 6M1X 133F 170R 1546, que redactou o arquitecto D. Antonio Pernas Varela e o asinou o 23.05.2024, o 09.06.2024 e o 11.06.2024, para a súa aprobación definitiva.

Cuarta.- Tendo en conta o informe que asinou o 11.06.2024 o Arquitecto Municipal (código do documento UAU18I019O), o informe que asinou o 18.06.2024 o Asesor Xurídico, coa conformidade do Secretario Xeral do 25.06.2024 (código do documento UAJ18I00DC), e o documento que se achegou para a súa aprobación definitiva, tiveronse en conta o obxecto e as determinacións que se contemplan tanto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, como no regulamento que a desenvolve, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro, tamén o contido documental que se recolle no artigo 193 do regulamento que se cita, tendo acomodo coa ordenación estrutural que contén o plan xeral, sen que o estudo de detalle incumpra as prohibicións contempladas no artigo 79 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Quinta.- Do exame do expediente non se aprecia a existencia de deficiencias documentais ou procedimentais, polo que procede a aprobación definitiva, segundo o que dispoñen o artigo 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o artigo 194.2 do Regulamento da lei do solo que se aprobou por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Sexta.- A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do instrumento aprobado se condiciona á súa publicación, á inscrición do instrumento no Rexistro de Ordenación do Territorio e Plan Urbanístico de Galicia, segundo o que dispoñen o artigo 82 da Lei 2/2016, do de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 199 do Regulamento da lei do solo de Galicia, sen prexuízo do que dispón para ese efecto a lexislación vixente en materia de réxime local.

Código do documento	Código do expediente
USG18I04TN	USG/2024/151
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1I6I 4Z1E 0V4R 2138 0BSW	

Tendo en conta o que se cita e de conformidade co previsto nos artigos 80 da Lei 20/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 194.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia, e o artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

Proponse ao Pleno Municipal a aprobación do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o “Estudio de detalle para a ordenación dos volumes de dúas parcelas situadas no lugar de Nabeiras da parroquia de Sésamo”, que promoven D. José Andrés Pérez Vidal, D^a. Berta Fernández Méndez, D. Juan Carlos Fernández Méndez e D^a. Susana Fernández Rodríguez, segundo a documentación co código de verificación COVE 1Q2H 6M1X 133F 170R 1546, que redactou o arquitecto D. Antonio Pernas Varela e a asinou o 23.05.2024, o 09.06.2024 e o 11.06.2024.

Segundo.- Ordenar a realización dos trámites administrativos que se recollen nos artigos 82 ao 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento que a desenvolve, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudio de detalle.

Terceiro.- Notificar o acordo de forma individual as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

O estudio de detalle aprobado poderase examinar na Área de Urbanismo (na casa do concello, situada na rúa do Concello, número 12, Culleredo), de luns a venres das 9:00 ás 14:00 horas. Tamén se poderá examinar no portal de transparencia municipal, na páxina web institucional (<https://www.culleredo.es/urbanrede>).»

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**.

Ningún dos asistentes solicita o uso da palabra.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, o Pleno municipal, por maioría absoluta de dezasete (17) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Partido Popular (7) e Alternativa dos Veciños (2), e catro (4) abstencións, as dos representantes do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o “Estudio de detalle para a ordenación dos volumes de dúas parcelas situadas no lugar de Nabeiras da parroquia de Sésamo”, que promoven D. José Andrés Pérez Vidal, D^a. Berta Fernández Méndez, D. Juan Carlos Fernández Méndez e D^a. Susana Fernández Rodríguez, segundo a documentación co código de verificación COVE 1Q2H 6M1X 133F

Código do documento	Código do expediente
USG18I04TN	USG/2024/151
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1I6I 4Z1E 0V4R 2138 0BSW	

170R 1546, que redactou o arquitecto D. Antonio Pernas Varela e a asinou o 23.05.2024, o 09.06.2024 e o 11.06.2024.

Segundo.- Ordenar a realización dos trámites administrativos que se recollen nos artigos 82 ao 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento que a desenvolve, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle.

Terceiro.- Notificar o acordo de forma individual as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

O estudo de detalle aprobado poderase examinar na Área de Urbanismo (na casa do concello, situada na rúa do Concello, número 12, Culleredo), de luns a venres das 9:00 ás 14:00 horas. Tamén se poderá examinar no portal de transparencia municipal, na páxina web institucional (<https://www.culleredo.es/urbanrede>).»

C.I.F. P-1503100-H

E para que conste, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, en Culleredo, á data da sinatura dixital

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)